



## CONSELLO DE CAMPUS DE PONTEVEDRA

### ACTA DA SESIÓN DO 04 DE DECEMBRO DE 2015

**Sesión:** Ordinaria

**Lugar:** Aula de audiovisuais da Facultade de Fisioterapia

**Data:** 04/12/2015

**Hora de comezo:** 12:04 h.

**Hora de remate:** 13:52 h.

#### **ASISTENTES:**

Corbacho Valencia, Juan Manuel

Dopico Aneiros, Dolores

García González, Silvia

García Soidán, José Luis

Lantarón Caeiro, Eva María

Mato de la Iglesia, Salustiano

Mollinedo Lois, Carlos

Picos Martín, Juan

Prieto Troncoso, Javier José

Torres Romay, Emma

#### **EXCUSAN A SÚA AUSENCIA:**

García-Pintos, Escuder Adela

Romo Pérez, Vicente

#### **ORDE DO DÍA:**

##### **1: Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Incluír na acta anterior a Vicente Romo Pérez. Apróbbase por asentimento dos presentes.

##### **2: Informe do Presidente.**

O Sr. Reitor informa dos feitos máis importantes do último trimestre: plan de financiación da UVIGO que recibiu o informe favorable do Consello de Contas do mes anterior. Salienta o Sr. Reitor que se está a pasar dun período de conxelación a un período de crecemento leve e realista.

O Sr. Reitor informa que o fondo estrutural da Xunta de Galicia, que se repartía por criterios históricos, a partir de agora o fará por criterios máis obxectivos e por indicadores máis equitativos entre as universidades galegas, para unha maior



redistribución do gasto público, no que as universidades galegas do norte teñen que cumprir un plan de axuste. Modifícanse os paneis de indicadores absolutos, tendo en conta o tamaño da universidade, a empregabilidade dos egresados, a internacionalización e a transferencia dos resultados acadados. A este efecto creouse unha comisión para o seguimento do plan en función dos resultados por indicadores.

No 2016 se producirá un lixeiro aumento das achegas, pero que nos obriga a ser restritivos debido a recuperación das pagas extraordinarios xunto con crecemento vexetativo do plantel da Universidad de Vigo.

O Sr. Reitor informa do cambio no do Decreto Lei co novo ministro de Educación, no que se recuperan os días de asuntos propios, dereitos salariais, promocións, cátedras e estabilización dos interinos. E preténdese tamén recuperar do novo goberno que se forme, máis autonomía para ás universidades.

O Sr. Reitor sinala que estanse a reformar os Estatutos, dos que xa soamente quedan tres títulos por reformar, para posteriormente pasalos polos centros e departamentos. Prevese comezar a debater os novos estatutos o longo do mes de marzo, con toda a comunidade universitaria.

O Sr. Reitor sinala que foron aprobados tódolos plans de viabilidade para os centros desta universidade, polo que o Sr. Reitor felicita a tódolos equipos decanais deste Campus.

O Sr. Reitor informa que nos próximos días farase a presentación do Campus Crea, en tódolos centros deste campus. O Sr. Reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de campus para que a continuación resuma as principais actuacións no eido de planificación e infraestruturas, así como en cultura. No caso da área de planificación e infraestruturas, a exposición divídise polas distintas instalacións pertencentes ao campus do xeito seguinte:

#### Campus en xeral:

- Solicitud de subvencións a Fundación Biodiversidad (xullo, 2015)
- Solicitud da Bandeira verde dentro do Programa Green Campus (xullo 2015) e concesión da mesma (novembro 2015).
- Retirada de materiais e de restos de construción, aterramento de pozo e nivelación do terreo na parcela 1 (maio 2015).
- Realización do estudio topográfico para acometida de obras de humanización na parcela Ciencias de Educación e do Deporte. (xuño 2015)
- Mellora accesibilidade entorno Fac. Ciencias Sociais (xuño, 2015)
- Reparación de beirarrúas nos viais centrais do Campus da Xunqueira (xuño 2015)
- Colocación de contadores augua con telemedida en tódolos edificios (setembro, 2105)
- Pintado de zona central Campus e prazas parking de Sociais, Fisioterapia e Forestais (non se actou en Educación porque no se considerou necesario dado o



correcto estado de conservación e porque está pendente unha actuación no parking lateral dentro do Plano de Humanización). (outubro, 2015)

- Ampliación das prazas de aparcabicis con colaboración do Concello (outubro, 2015)
- Reparación de fonte central do Campus con ocasión da colocación da Bandeira Green Campus (novembro, 2015)
- Instalación Gas natural (actuación sal de caldeiras Sociais e CC. Deportes) (decembro, 2015)
- Carril bici (decembro, 2015)
- Humanización parcela 1 (construción de senda, recollida pluviais, electriciad) (decembro, 2015)

#### Facultade de Belas Artes

- Adaptación sala impresora 3-D (febreiro, 2015)
- Obras de mellora de ventilación da aula de pintura (planta baixa e 2º andar) (agosto-setembro)
- Control de Accesos (decembro, 2015)

#### Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

- Reparación da pasarela central ala sur da Facultade do 3º andar (xuño, 2015)
- Reparación de terraza da ala leste para previr a entrada de auga (xuño, 2015)
- Pintado parking público (outubro, 2015)
- Substitución de luminarias por iluminación led (decembro, 2015)
- Alumeado led baños 1º andar con control de presenza

#### Facultade de Fisioterapia

- Substitución de ventás da escaleira de emerxencia por entrada de auga
- Construción da rampla de saída de emerxencias ala sur e norte (xuño, 2015)
- Construción de marquesina (sur)
- Pintado parking público e persoal (outubro, 2015)
- Substitución de bomba de recirculación (outubro, 2015)

#### Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

- Limpeza da parte traseira da Facultade de Ciencias da Educación (febreiro, 2015)
- Climatización de seminarios 1 e 2 e despachos anexos.



#### Escola de Enxeñaría Forestal

- Melloras de aspiración nos talleres de madeiras e xiloxeneradas (febreiro, 2015)
- Alumeado de aseos con led e detección de presenza (febreiro, 2015)
- Bacheado e pintado parking público e persoal (outubro, 2015)
- Colocación letras madeira (decembro, 2015)

#### Escola Infantil

- Reparación secadora

#### Pavillón de Deportes

- Acondicionamento despacho técnico de deportes.

### **Previsión de actuacións para o 2016.**

#### Campus en xeral

- Humanización da parte correspondente da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (aparacamento)

#### Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

- Accesibilidade aulas
- Atención de entrada auga carpintería
- Cerramento Ascensor sur
- Luminarias led pranta baixa

#### Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

- Climatización despachos módulo central
- Reforma hall entrada e colocación porta automática
- Saídas de emerxencia

#### Facultade de Fisioterapia

- Ventilación aulas
- Porta automática
- Sala de caldeiras



#### Escola Forestais

- Pintado de edificio
- Sala de caldeiras
- Porta automática (leste)

#### Facultade de Belas Artes

- Carpinterías patio central
- Ventilación de talleres
- División de salón de actos
- Alarma de intrusión
- Reforma acceso entrada principal

#### Pavillón de Deportes

- Xeración auga quente sanitaria
- Reemplazamento luminarias

#### Escola Infantil

Xeración punto de suministro eléctrico independente

En canto o eido cultural, resume o vicerreitor as seguintes accións:

#### Obradoiros 1º cuadrimestre (setembro-décembro)

- Fotografía documental e de rúa
- O. de organoloxía creativa
- Prevención de riscos laborais
- O. de formación teatral
- O. de música vocal moderna

#### Ciclo de cine: Onde vas? (setembro-décembro)

- 15 sesións: 2 relatorios e 13 filmes.

#### Ciclo violencia viaria

- organizado conxuntamente co Concello de Pontevedra, Policía Local e DGT con gran éxito de acollida das mesas de debate (todas elas con presenza de



Vicerreitoría do  
Campus de Pontevedra  
Universidade de Vigo

investigadores/as do campus de Pontevedra), así como das actividades en paralelo: simulacro de accidente, simulador de envorcado, exhibición de baloncesto sobre rodas e ruta ciclista

#### Do Audible 2015

- Colaboración concertó “Incertidumbre”. Café Moderno. (20-10-15)

#### Conversas con Arte

- Tres sesións (mesas redondas) en colaboración con LataMuda. (22-23 outubro)

#### Día Mundial das cidades

- Proxección do filme “Au bord du monde”, do IFcinèma, para rapaces dos institutos. (27 outubro). Seguimos ca colaboración do IFcinèma.

#### Seminario Internet Educativo

- Tres sesións teórico-prácticas para docentes e estudantes. (10,11 e 12 novembro)

#### Le Ninphe di Rheno

- Conferencia didáctica de música antiga (Instrumentos de Pórtico da Gloria) (18-11-15)
- Concerto música antiga, dúo de viola da gamba, Francisco Luengo e Xurxo Varela. (19-11-15)

#### Conferencias e conversas

- Conferencia “O sistema político estadounidense e os limitados poderes de Obama” por el Profesor e investigador Jared D. Larson e colaboración do IGADI.
- Conversas na UVIGO. Con colaboración do Diario de Pontevedra.
- 24 novembro: Ramón Rozas con Silvia García, Decana de BB. AA.
- 15 decembro: María Varela con Teresa Táboas, Arquitecta e Exconselleira do Bipartito.
- Seguiremos en xaneiro con Manuel Jabois e remataremos en xuño.

#### Maratón Solidario de Zumba

- Como todos os anos haberá un maratón no pavillón Universitario. (17 decembro)

#### Coro do Campus de Pontevedra



- Segue o traballo co coro do campus de Pontevedra que xa ten actuado en diversos eventos e actos de graduación

#### Proxecto European Portfolio. Colaboración co proxecto europeo de gráfica

- A Profesora Margarita González (UCM) , en España, e Georg Lebzelter (EPG-coordinator Künstlerhaus Wien) responsable principal de Proxecto, nos convidaron a participar no mesmo. Aceptamos o reto.

#### Proxecto de estimulación “artística” para nenos da Escola Infantil con acordó entre Consorcio de Benestar e Universidade de Vigo

- En marcha. Unha alumna de máster da Facultade de Belas Artes leva adiante una proposta innovadora de estimulación, visual, táctil, auditiva... dende o “campo da arte” con bebés da Escola Infantil do Campus. Ata finais de xaneiro.

#### SALA X

- Exposición “Ir donde se supone que no tienes que ir” (8 outubro)

A programación da vicerreitoría do campus de Pontevedra seguirá nesta liña coas accións sinaladas e incorporando novidades como o ciclo de cine de Taiwan.

Para rematar, o vicerreitor felicita ao director da área de planificación, D. Celso Cancela Outeda, e ao director de extensión universitaria do campus de Pontevedra, D. Manuel Morquecho Barral, polo seu labor.

### **3. Aprobación se procede, da modificación da Comisión de Extensión Universitaria.**

Apróbase por asentimento dos presentes a inclusión do profesor Vicente Romo Pérez na Comisión de Extensión Universitaria do Campus de Pontevedra.

### **4. Rogos e preguntas.**

- Eva Lantarón pregunta pola ampliación da Fac. de Fisioterapia.
  - O Sr. Reitor e o Vicerreitor interveñen e indican que non hai avances, e están a espera de enviar a documentación das 4 parcelas despois das eleccións.
- Emma Torres solicita unha nova reclamación da Universidade de Vigo polas bolsas do Parlamento Galego, na que unha alumna do grao en Dirección e Xestión Pública foi excluída.
  - O Sr. Reitor sinala que se inclúa na acta deste Consello, para planexar a reclamación.



- Emma Torres sinala as limitacións do laboratorio de audiovisuais, cando o persoal do laboratorio solicita asuntos propios, xa que non teñen substitutos para a súa suplencia.
- Juan Picos informa do plan de viabilidade para viaxes de prácticas do alumnado, utilizando a furgoneta do centro para transportes de grupos pequenos.
- Carlos Mollinedo pregunta pola situación do centro adscrito de Enfermería do Campus.

Tamén sinala que tendo un Campus Verde deberían ser menos visibles os recipientes do lixo.

- O Sr. Reitor que o plan da Escola de Enfermería foi entregado a Consellería de Sanidade e de Educación, pero houbo cambios do executivo, polo que hai que retomalo tema cos novos membros.
- Silvia García, sinala da reunión coa Concellería de Promoción Económica e Turismo sobre o tema do “mercado de creadores”, para a súa celebración o primeiro sábado de cada mes, despois de analizar os temas legais. E informa que estase a traballar co Concello de Pontevedra na creación de “Espazos integrados” e a potencialidade destes para os novos creadores.

Tamén informa da celebración do Capital Shopping e solicita unha axuda para participar nunha exposición internacional do 25º aniversario, e poder mover as pezas.

Finalmente sinala que se aumente o límite das 32 horas, para o reparto entre os profesores que dirixen TFG

- O Sr. Vicerreitor informa que estase tamén a traballar nun proxecto de comunidade urbana sostible, coa recuperación e humanización de espazos.
- O Sr. Reitor manifesta o apoio institucional para estes temas do Campus CREA.
- O Sr. Reitor sinala no último punto do reparto de horas do TFG, que o tema está sendo contemplado pola Vicerreitora de Profesorado.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:52 h., co visto e prace do Presidente e do que eu como Secretario dou fe.

Pontevedra a 4 de decembro de 2015

O Secretario

José Luis García Soidán